



ORDE do 10 de maio de 2023 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir de libros de texto e material escolar destinados ao alumnado de **EDUCACIÓN PRIMARIA** para o curso 2023/2024. DOG. Venres, 19 de maio de 2023

As solicitudes achegaranse **preferentemente por vía electrónica** no formulario que xera a aplicación na páxina web de Fondo de libros <https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>. **O CENTRO DISPÓN DE IMPRESOS NA SECRETARÍA PARA OS QUE O SOLICITEN.** Prazo ata o 21 de xuño (**presentar o antes posible**)

Documentación acreditativa para participar:

1. **Identidade.** Achegarase copia do DNI ou NIE dos membros computables da unidade familiar, **cando non autoricen a consulta de forma telemática.**
2. **Copia do Libro de familia** no que figuren todos os membros da unidade familiar. No caso de non ter libro de familia, ou se a situación familiar, a **día 31 de decembro de 2021**, non coincidecoa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos:
 - a. Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.
 - b. Certificado ou volante de convivencia.
 - c. Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia, que acredite a situación familiar.
 - d. Certificado de defunción.
3. **Grao de discapacidade.**
4. No caso de situación de **violencia de xénero** no contorno familiar: documentación acreditativa.
5. **Renda familiar.** **Cando non autoricen a consulta de forma telemática,** achegarase copia da declaración da renda das persoas físicas ou, na falta desta, do certificado tributario de imputacións dos membros computables da unidade familiar distintos da persoa solicitante.
6. Os menores que se atopen en **situación de garda, tutela** ou atención de día pola Xunta de Galicia nonterán que acreditar os datos da unidade familiar nin do nivel de renda.
7. A documentación que se achegue deberá ter validez no momento da presentación da solicitude.
8. Só se cubrirá unha solicitude por unidade familiar e será a mesma para os tres tipos de axudas.

Para poder optar ás Axudas, é condición indispensable [ter devoltos todos os libros](#) prestados do Fondo Solidario do curso anterior.